

OS OLLOS NON QUEREN PECHARSE

PERSISTENCIAS E RESISTENCIAS DA MIRADA NA HISTORIA DO CINEMA

CURSO DE CINE

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

16 novembro 2016 - 31 maio 2017

Horario: mércores de 19:00 a 20:30 h

A historia da humanidade é tamén a historia da mirada. Da luz das estrelas ás sombras das cavernas, o ser humano tratou sempre de ver máis aló, de transcender a súa realidade cotiá. E coa súa insaciable pulsión escópica, coa súa resistencia a pechar os ollos, naceron tamén a ilusión, o soño e a fantasía: o desexo, en definitiva. O cinema chegou moito despois, como prolongación natural dese desexo.

Este curso preséntase como unha pequena e parcial historia da mirada a través de películas e cineastas que se resisten a pechar os ollos, que se rebelan e nos revelan novas maneiras de ver e de dar a ver, ampliando así o noso imaxinario. De Alfred Hitchcock a Werner Herzog; de Andrei Tarkovski a Terrence Malick; da melodrama dos anos corenta ao *thriller* do setenta; de Jean Vigo, Jean Epstein e Jean Cocteau ao cinema experimental dos sesenta; de Yasujiro Ozu a John Ford, de Jacques Rivette a Chantal Akerman, de M. Night Shyamalan a Kiyoshi Kurosawa ou de Dziga Vértov a Luis Buñuel, que seccionou a mirada inocente do público coa mítica imaxe da navalla cortando un ollo.

Esas miradas afiadas, abertas en canle, son as que buscaremos neste curso; miradas que, en ocasións, foron paradoxalmente veladas ou esquecidas pola historiografía oficial e ás que trataremos de dar luz. Porque como dicía Jean-Luc Godard nas súas *Histoire(s) du cinéma*, "o cinematógrafo nunca quixo producir un acontecemento senón, en primeiro lugar, producir unha visión".

PROGRAMA

- 16 novembro O ollo da cámara (ou o cinema como pulsión escópica)
- 23 novembro O ollo e a navalla de Luis Buñuel
- 30 novembro Entre unha imaxe e outra imaxe: a sintaxe sentimental do cinema
- 14 decembro Entre un son e unha imaxe: a audiovisión
- 21 decembro Observadores distantes: cineastas que parten en busca de Oriente
- 11 xaneiro Visións do absoluto. Terrence Malick
- 18 xaneiro Cinefotógrafos: o cinema e a luz
- 25 xaneiro Imaxes a flor de pel: a autobiografía no cinema
- 1 febreiro A mirada activa da modernidade: de Charles Baudelaire a Chantal Akerman
- 8 febreiro A zona cero da mirada: Nobuhiro Suwa, o cineasta de Hiroshima
- 15 febreiro Retrato dunha obsesión: *La Belle noiseuse* (A bela mentireira) (Jacques Rivette, 1991) e *El sol del membrillo* (Victor Erice, 1992)



La historia de la humanidad es también la historia de la mirada. De la luz de las estrellas a las sombras de las cavernas, el ser humano ha tratado siempre de ver más allá, de trascender su realidad cotidiana. Y con su insaciable pulsión escópica, con su resistencia a cerrar los ojos, nacieron también la ilusión, el sueño y la fantasía: el deseo, en definitiva. El cine llegó mucho después, como prolongación natural de ese deseo.

Este curso se plantea como una pequeña y parcial historia de la mirada a través de películas y cineastas que se resisten a cerrar los ojos, que se rebelan y nos revelan nuevas maneras de ver y de dar a ver, ampliando así nuestro imaginario. De Alfred Hitchcock a Werner Herzog; de Andrei Tarkovski a Terrence Malick; del melodrama de los años cuarenta al *thriller* de los setenta; de Jean Vigo, Jean Epstein y Jean Cocteau al cine experimental de los sesenta; de Yasujiro Ozu a John Ford, de Jacques Rivette a Chantal Akerman, de M. Night Shyamalan a Kiyoshi Kurosawa o de Dziga Vértov a Luis Buñuel, que seccionó la mirada inocente del público con la mítica imagen de la navaja cortando un ojo.

Esas miradas afiladas, abiertas en canal, son las que buscaremos en este curso; miradas que, en ocasiones, han sido paradójicamente veladas u olvidadas por la historiografía oficial y a las que trataremos de dar luz. Porque como decía Jean-Luc Godard en sus *Histoire(s) du cinéma*, "el cinematógrafo nunca ha querido producir un acontecimiento sino, en primer lugar, producir una visión".

PROGRAMA

- 16 noviembre El ojo de la cámara (o el cine como pulsión escópica)
- 23 noviembre El ojo y la navaja de Luis Buñuel
- 30 noviembre Entre una imagen y otra imagen: la sintaxis sentimental del cine
- 14 diciembre Entre un sonido y una imagen: la audiovisión
- 21 diciembre Observadores distantes: cineastas que parten en busca de Oriente
- 11 enero Visiones de lo absoluto. Terrence Malick
- 18 enero Cinefotógrafos: el cine y la luz
- 25 enero Imágenes a flor de piel: la autobiografía en el cine
- 1 febreiro La mirada activa de la modernidade: de Charles Baudelaire a Chantal Akerman
- 8 febreiro La zona cero de la mirada: Nobuhiro Suwa, el cineasta de Hiroshima
- 15 febreiro Retratos de una obsesión: *La bella mentirosa* (Jacques Rivette, 1991) y *El sol del membrillo* (Victor Erice, 1992)

22 febreiro Werner Herzog, testemuña da apocalipse
 1 marzo O sublime e o sinistro na obra de M. Night Shyamalan
 8 marzo Visións espectrais no melodrama norteamericano dos anos 40
 15 marzo Nós, as pantasma: o cinema de Kiyoshi Kurosawa
 22 marzo O espello de tres caras I. Jean Epstein (1897-1953)
 29 marzo O espello de tres caras II. Jean Vigo (1905-1934)
 5 abril O espello de tres caras III. Jean Cocteau (1889-1963)
 19 abril Revelacións (e melancolía) da forma no cinema de Yasujiro Ozu e John Ford
 26 abril O *Alumbramiento* de Víctor Erice
 10 maio A pantalla opaca: o *thriller* norteamericano dos anos 70
 24 maio José Luis Guerín e as sombras do real
 31 maio *Trompe l'oeil* e miraxes da comedia

22 febreiro Werner Herzog, testigo del apocalipsis
 1 marzo Lo sublime y lo siniestro en la obra de M. Night Shyamalan
 8 marzo Visiones espectrales en el melodrama norteamericano de los años 40
 15 marzo Nosotros, los fantasmas: el cine de Kiyoshi Kurosawa
 22 marzo El espejo de tres caras I. Jean Epstein (1897-1953)
 29 marzo El espejo de tres caras II. Jean Vigo (1905-1934)
 5 abril El espejo de tres caras III. Jean Cocteau (1889-1963)
 19 abril Revelaciones (y melancolía) de la forma en el cine de Yasujiro Ozu y John Ford
 26 abril El *Alumbramiento* de Víctor Erice
 10 mayo La pantalla opaca: el *thriller* norteamericano de los años 70
 24 mayo José Luis Guerín y las sombras de lo real
 31 mayo Trampantojos y espejismos de la comedia

JOSÉ MANUEL LÓPEZ (Vigo, 1974) é Licenciado en Publicidade e Relacións Públicas e, actualmente, doutorando en Comunicación pola Universidade de Santiago. En 2004 funda a revista en liña de cinema *Tren de sombras* e actualmente forma parte do consello de redacción da revista *Caimán Cuadernos de Cinema* (anteriormente coñecida como *Cahiers du Cinéma. España*). En 2011 e 2012 traballa como dialoguista na cuarta e quinta tempada de *Matalobos*, a serie que a produtora Voz Audiovisual desenvolve para a Televisión de Galicia. Colabora desde o 2012 co MARCO de Vigo e desde o 2014 co CGAC de Santiago como docente de cursos de cinema e participou en seminarios e impartiu charlas en diferentes lugares de España. En 2008 edita o libro *Naomi Kawase. El cine en el umbral* para o Festival Internacional de Cinema de Las Palmas de Gran Canaria e participou en libros colectivos como *La risa oblicua. Tangentes, paralelismos e intersecciones entre documental y humor* (Documenta Madrid), *Elegías íntimas. El cine visto por los cineastas* (Documenta Madrid), *Un extraño entre nosotros. Las aventuras y utopías de José Luis Borau* (Filmoteca de Extremadura) o *Paul Schrader. El cineasta frente a los tiempos* (Seminci. Festival de Cine de Valladolid). Colaboró en revistas especializadas como *Secuencias, Transit, Blogs & Docs* ou *Nosferatu* e con editoras de DVD como Intermedio ou Cameo.

JOSÉ MANUEL LÓPEZ (Vigo, 1974) es licenciado en Publicidad y Relaciones Públicas y, actualmente, doctorando en Comunicación por la Universidad de Santiago. En 2004 funda la revista online de cine *Tren de sombras* y actualmente forma parte del consejo de redacción de la revista *Caimán Cuadernos de Cine* (anteriormente conocida como *Cahiers du Cinéma. España*). En 2011 y 2012 trabaja como dialoguista en la cuarta y quinta temporada de *Matalobos*, la serie que la productora Voz Audiovisual desarrolla para la Televisión de Galicia. Colabora desde el 2012 con el MARCO de Vigo y desde el 2014 con el CGAC de Santiago como docente de cursos de cine y ha participado en seminarios e impartido charlas en diferentes lugares de España. En 2008 edita el libro *Naomi Kawase. El cine en el umbral* para el Festival Internacional de Cine de Las Palmas de Gran Canaria y ha participado en libros colectivos como *La risa oblicua. Tangentes, paralelismos e intersecciones entre documental y humor* (Documenta Madrid), *Elegías íntimas. El cine visto por los cineastas* (Documenta Madrid), *Un extraño entre nosotros. Las aventuras y utopías de José Luis Borau* (Filmoteca de Extremadura) o *Paul Schrader. El cineasta frente a los tiempos* (Seminci. Festival de Cine de Valladolid). Ha colaborado en revistas especializadas como *Secuencias, Transit, Blogs&Docs* o *Nosferatu* y con editoras de DVD como Intermedio o Cameo.

DIRECCIÓN: José Manuel López

COORDINACIÓN: Virginia Villar

DESTINATARIOS: Profesores, estudantes e todas as persoas interesadas no tema proposto.

PRAZAS: 250

INSCRIPCIÓN: O prazo de inscrición estará aberto desde o 15 de xuño até o 16 de novembro de 2016. As persoas interesadas poden inscribirse enviando un correo electrónico a cgac.educacion@xunta.es no que deberán indicar o seu nome completo, DNI, estudos, área de traballo ou interese, unha dirección de correo electrónico e un teléfono de contacto. Unha vez aceptada a solicitude, informarase ás persoas inscritas sobre como realizar o pago.

MATRÍCULA: Matrícula anticipada (15 de xuño - 31 de agosto): 70 € / Matrícula ordinaria (1 de setembro - 16 de novembro): 80 € / Socios do Cineclub de Compostela: 65 €

CERTIFICACIÓN: O CGAC entregará un certificado a todas aquelas persoas que asistan ao 75% das sesións como mínimo.

DIRECCIÓN: José Manuel López

COORDINACIÓN: Virginia Villar

DESTINATARIOS: Profesores, estudantes y todas las personas interesadas en el tema propuesto.

PRAZAS: 250

INSCRIPCIÓN: El plazo de inscripción estará abierto desde el 15 de junio hasta el 16 de noviembre de 2016. Las personas interesadas pueden inscribirse enviando un correo electrónico a cgac.educacion@xunta.es en el que deben indicar su nombre completo, DNI, estudios, área de trabajo o interés, una dirección de correo electrónico y un teléfono de contacto. Una vez aceptada la solicitud, se informará a las personas inscritas sobre cómo realizar el pago.

MATRÍCULA: Matrícula anticipada (15 de junio - 31 de agosto): 70 € / Matrícula ordinaria (1 de septiembre - 16 de noviembre): 80 € / Socios del Cineclub de Compostela: 65 €

CERTIFICACIÓN: El CGAC entregará un certificado a todas aquellas personas que asistan al 75% de las sesiones como mínimo.



DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 602/31 / cgac.actividades@xunta.gal / www.cgac.xunta.gal



Colaboran:

cineclub de compostela